



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello
Día: 20 de agosto de 2015
Hora de comezo: 13.30 h
Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos polo secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

Asiste como ointe o concelleiro don Jesús José Santasmarinas Devesa.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Proposta de adhesión ao convenio asociación Falemos**
- 3. Aprobación e pagamento das estadias/visitas do Programa Deseñando o teu futuro**
- 4. Aprobación convenio para recollida de animais abandonados no concello de Boqueixón**
- 5. Aprobación e pagamento de factura de subministro do equipamento dos parques infantís**
- 6. Licenzas urbanísticas**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

- 1. - Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión constitutiva da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 6 de agosto do 2015

2. - Proposta de adhesión ao convenio asociación Falemos

Con data 10 de agosto de 2015 rexistrouse no concello unha proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e a Asociación Falemos, de pais e titores de persoas afectadas de autismo e outros TXD, cuxa finalidade é a eliminación progresiva das barreiras de acceso aos espazos e servizos públicos das persoas con TEA que viven ou visitan o municipio, a través da colocación de pictogramas.

Con base na documentación achegada pola Asociación Falemos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio de colaboración que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E A ASOCIACIÓN FALEMOS, DE PAIS E TITORES DE PERSOAS AFECTADAS DE AUTISMO E OUTROS TXD

En Boqueixón, a 17 de xullo de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, don ISAAC VAZQUEZ MOSQUERA, en nome e representación de ASOCIACIÓN FALEMOS, con CIF número xxxxx e con domicilio en Outeiro -Codeso (Boqueixón).

E doutra parte, don OVIDIO RODEIRO TATO, alcalde do Concello de Boqueixón.

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar o presente convenio de colaboración e,

EXPOÑEN

Cando a interacción entre as persoas se ve dificultada por barreiras (físicas, culturais, comunicativas...), falamos de falta de accesibilidade.

As persoas con trastorno do espectro autista (TEA) atopan dificultades para interpretar e interactuar co mundo que os rodea debido ás súas alteracións na linguaxe e na comunicación e pola rixidez do seu pensamento.

Para superar estas dificultades comunicativas, as persoas con TEA deben contar con apoios que lles faciliten a participación na comunidade. Estes poden ser, por exemplo, os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación (SAAC) como son pictogramas ou fotografías que lles axudan a mellorar a súa comunicación. Un pictograma é unha representación visual dunha realidade, obxecto, acción ou concepto abstracto.

Deste xeito, colocando os pictogramas podemos facer a vida máis doada e accesible ao maior número de persoas posible, así como concienciar á poboación das dificultades do colectivo TEA nas distintas situacións da súa vida.

Por todo o anteriormente exposto, ambas partes establecen o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

1.- A Asociación Falemos facilitará os pictogramas (apoios visuais deseñados por profesionais especializados de ARASAAC) para axudar á comprensión e ubicación de lugares e comportamentos dentro dos espazos deportivos e culturais municipais.

2.- O concello de Boqueixón imprimirá e colocará ditos pictogramas, amosando así a súa implicación e solidariedade con este colectivo, facendo así máis accesibles as súas instalacións culturais e deportivas.

De conformidade con canto antecede, ambas partes asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data do encabezamento.

D. Isaac Vázquez Mosquera

D. Ovidio Rodeiro Tato

Representante Asociación Falemos

Alcalde de Boqueixón

2. Comunicar este acordo á Asociación Falemos, así como enviarlle dúas copias asinadas do convenio.

3. - Aprobación e pagamento das estadias/visitas do Programa Deseñando o teu futuro

Con data do 11 de maio de 2015, e con rexistro de entrada na Xunta de Galicia núm. 2015/128585, presentouse no rexistro telemático solicitude do programa Deseñando o teu futuro regulado pola *ORDE do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.*

Con data do 09 de xullo de 2015, a OMIX Boqueixón a través do seu correo electrónico teufuturo.ctb@xunta.es recibe comunicación da Resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do 8 de xullo dos beneficiarios do Programa *Deseñando o teu futuro (podendo consultar a lista definitiva da mesma na páxina <http://xuventude.xunta.es/>)*, polo que se concede unha axuda económica por importe 5.700 euros, destinados a cubrir os conceptos establecidos no artigo 5 da Orde de convocatoria.

Por Decreto de alcaldía do 16 de xullo de 2015 foi aceptada a axuda concedida para o proxecto así como solicitado o pagamento de anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

Con data do 20 de xullo comezaron a realizar as prácticas os mozos e mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.

Por todo isto, acórdase:

Realizar o pago dos mozos e mozas que finalizaron as estadias-visitas o 31 de xullo de 2015.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado

PROGRAMA DESEÑANDO O TEU FUTURO

PAGO DE BOLSAS POR ESTADÍAS-VISITAS REALIZADAS NAS EMPRESAS DE ACOLLIDA

NOME E APELIDOS MOZO/A	NIF	EMPRESA DE ACOLLIDA	NÚM CONTA BANCARIA	DATAS DE REALIZACIÓN DA ESTADÍA-VISITA	DÍAS	IMPORTE DA AXUDA	TOTAL (6€ PERSOA/DÍA)
A xxxxx	xxxxx	Piccadilly School of English SL	xxxxx	20 de xullo ó 31 de xullo de 2015	10	6 euros	60 euros
M xxxxx	xxxxx	Piccadilly School of English SL	xxxxx	20 de xullo ó 31 de xullo de 2015	10	6 euros	60 euros
C xxxxx	xxxxx	Clínica dental C. P	xxxxx	23 de xullo ó 31 de xullo de 2015	7	6 euros	42 euros
M xxxxx	xxxxx	Cocoescola SL	xxxxx	24 de xullo ó 30 de xullo de 2015	5	6 euros	30 euros
A xxxxx	xxxxx	Santos, Cocina y Baño, SL	xxxxx	27 de xullo ó 31 de xullo de 2015	5	6 euros	30 euros
Total axuda							222 euros

4. - Aprobación convenio para recollida de animais abandonados no concello de Boqueixón

Segundo a Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, os concellos son os que recollerán os animais abandonados e os reterán ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

Debido a que é potestade das entidades locais concertar convenios de colaboración ou cooperación con asociacións de protección e defensa dos animais, ou con outras entidades autorizadas para este fin, este concello dispónse a asinar coa empresa La Rosaleta de La Coruña, SL un contrato para dar cumprimento ó disposto na lexislación respectiva.

Polo tanto, a Xunta de Goberno, acorda:

Aprobar o texto do contrato, que a continuación se transcribe literalmente, que se asinará coa empresa La Rosaleta de La Coruña, SL polo período dun ano, que se contará desde a data da sinatura, e non será prorrogable:

CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NO TERMO MUNICIPAL DE BOQUEIXÓN.

Na Casa Consistorial, sede do Concello de Boqueixón, a de Agosto de 2015.

REUNIDOS

Dunha parte D o alcalde-presidente con DNI representando o concello de Boqueixón , situado na dirección Lugar Forte s/n 15.881 Boqueixón, segundo os poderes conferidos pola Lei, e

da outra parte R. M. C. R. con DNI xxxxx, actuando en nome da Empresa La Rosaleda La Coruña SL, con CIF No xxxxx e domicilio na Finca La Rosaleda 1-A - Sta María de Vigo - 15659 Cambre - A Coruña, segundo o poder concedido ante o Notario D. Miguel López León Rodríguez.

EXPOÑEN

1. O capítulo V dos animais abandonados da Lei 1/1993, de 13 de abril, da protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, o artigo 11 establece que os concellos son os que recollerán os animais abandonados e os reterán hasta que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

2. O capítulo V dos animais abandonados da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no seu artigo 12º estipula que as autoridades locais poden convir o servizo de recollida de animais abandonados.

3. Decreto 153/1998, de 2 de abril, mediante o que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, o artigo 33, o artigo 35, artigo 36, establece as esixencias a seren cumpridas por un centro de recollida de animais abandonados.

4. O servizo de recollida de animais abandonados realizarase de acordo co disposto na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e no Decreto 153/1998, de 2 de abril, polo que aprobase o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril.

5. O centro La Rosaleda de La Coruña S.L. está inscrito no rexistro dos establecementos de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia co número C-2009/002-CR, e atende ás especificacións descritas na Lei 1/1998, do 13 de abril, de protección de animais domésticos en cativeiro e no Decreto 153/1998, de 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei. Tendo instalacións destinadas para albergar animais potencialmente perigosos que cumpren as medidas de seguridade necesarias para evitar fugas sen danar aos animais.

6. Interesa á Xunta do goberno do Concello de Boqueixón contratar a xestión da recollida pública de animais abandonados e vagabundos, xa que na actualidade non conta nin co persoal cualificado nin coas necesarias infraestruturas e equipamentos para realizar o servizo específico no municipio, mentres que ao Centro Canino La Rosaleda La Coruña interésalle xestionar o servizo recoñecéndose recíprocamente plenos poderes e autoridade para a concesión deste contrato.

ACEPTA

PRIMEIRO: É obxecto deste contrato de servizo de recollida, transporte e mantemento dos animais abandonados dentro do termo municipal de Boqueixón, segundo a o disposto na lexislación vixente sobre a protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

SEGUNDO: Considerarase para este fin animal abandonado a definición existente na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro: *"Animal abandonado : O que circula libremente aínda que estea provisto da identificación axeitada, ben pola placa ou tatuaxe, se no prazo de 20 días a partires da súa captura non fora reclamada por ninguén que acredite a súa relación posesoria."*

TERCEIRO: Quedan excluídos da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes, e, polo tanto, da súa recollida aínda que estean abandonados, aqueles animais que son obxecto dunha regulación específica, como os criados para o aproveitamento das producións e os salvaxes autóctonos pertencentes o medio rural.

"Animais domésticos son os que se crían, reproducen e conviven cos seres humanos e non son susceptibles de ocupación".

"Os animais salvaxes en cativeiro son os que permanecendo en liberdade para a súa condición foron obxecto de captura, mantendo un grao absoluto e permanente de dominación".

CUARTA: A empresa La Rosaleda La Coruña SL encargárase da recollida e aloxamento dos animais abandonados, e dos non abandonados de acordo co artigo 32 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, sempre que o Concello de Boqueixón o dispoña, por razóns de malos tratos, tortura, malleiras, desnutrición e cando os síntomas de comportamento agresivo e perigoso para as persoas, ou os que reiteradamente perturben a paz e o sosego dos veciños.

A empresa La Rosaleda La Coruña S.L. responsabilizarase ademais de retirar os animais mortos da rúa, co previo requirimento do Concello, por si foran causantes dalgún accidente que deberá notificarse ás autoridades que correspondan.

QUINTO: O servizo prestarase de forma continuada e sen interrupción as 24 horas do día, todos os días do ano, hábiles e inhábiles, permanecendo o persoal da empresa de La Coruña La Rosaleda SL permanentemente dispoñible para o servizo no menor lapso de tempo.

O prestador do servizo de recollida de animais abandonados comunicará calquera modificación dos números de teléfono de contacto, para que en todo momento a comunicación entre a empresa La Rosaleda La Coruña S.L. e o Concello de Boqueixón sexa rápida e fluída.

SEXTO: O servizo de recollida dos animais abandonados no termo municipal prestarase pola empresa La Rosaleda de La Coruña S.L. previo requirimento das autoridades municipais do Concello de Boqueixón, da Policía Local, ou da Garda Civil que os avisen da existencia dun animal abandonado.

A empresa La Rosaleda La Coruña S.L. atenderá os requirimentos para a prestación do servizo de recollida o máis axiña posible, dependendo da gravidade dos requisitos,

ordinarios ou urxentes no tráfico de vehículos na zona a que se acuda á prestación do servizo, non podendo ser superior a dous días de atraso a tardanza en personarse no lugar indicado.

O persoal asalariado ou dependente da empresa La Rosaleda La Coruña SL estará uniformado con ocasión da prestación do servizo para que sexa facilmente recoñecible.

O vehículo utilizado neste servizo de recollida de animais abandonados vivos ou mortos, estará carrozado interiormente, con departamentos separados e evacuación de augas residuais e de ventilación, de conformidade coas normas en materia de transporte destes animais.

Os cans capturados por Protección Civil serán retirados da Base do Concello de Boqueixón.

SÉTIMO: non entrando neste servizo a xestión do Censo de Cans no nivel municipal ou as taxas ou multas que a Concello impón aos propietarios de animais que poderían resultar do incumprimento da lexislación de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro que resúmense no título V da Lei 1/1993, do 13 de abril, das infraccións e sancións.

OITAVO: Unha vez capturado o animal abandonado vai pasar as instalacións da empresa La Rosaleda La Coruña SL que ocuparase do albergue e custodia do animal. No centro se lle realizará un recoñecemento sanitario animal e sanearase externamente o animal capturado. O animal será aloxado no canil que mellor se adapte a súa saúde, nutrición e características físicas.

Se o animal está identificado, facilitarase o número de identificación o REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais), de xeito que este corpo de aviso fiable e atope o dono do animal, que terá 10 días para recuperalo, unha vez aboados os gastos derivados do mantemento, como se recolle no artigo 11 do capítulo 5 da Lei 1/1993 do 13 de abril de animais abandonados.

Se o animal non está identificado o propietario dispón dun prazo de 20 días para recuperalo e, no caso de que sexa reclamado este deberá saír identificado do centro. Tras o período de 20 días sen que o propietario do animal o reclame, ou se o animal carece de identificación, entenderase abandonado deixando a empresa La Rosaleda La Coruña SL listo para dar o animal ao seu destino máis cómodo que é a adopción, e só en último termo o sacrificio como se recolle no artigo 11 do capítulo 5 da Lei 1/1993 do 13 de abril. O novo propietario está obrigado a partires de este momento a retirar ao animal do centro debidamente identificado con microchip e pasaporte, e desparasitado.

A empresa La Rosaleda La Coruña S.L. Será responsable de todas as obrigas do animal, sendo as únicas obrigas municipais as de dirixir a este centro os cidadáns que perderan un animal, e establecer unas taxas e multas para os propietarios de animais.

Esta empresa disporá dun teléfono que será indicado aos cidadáns que manifesten a perda dun animal, e terá un horario amplo para retirar do centro o animal, identificándose debidamente como propietario.

NOVENO: A empresa La Rosaleda La Coruña SL responsable da execución do servizo de recollida de animais abandonados na Concello de Boqueixón, está obrigado a dar a coñecer

ás autoridades cada animal recollido. Ademais a empresa La Rosaleda La Coruña SL Consello Municipal entregara un informe dos animais recollidos no municipio, ónde se describan as características do animal (raza, sexo, cor, idade aproximada, tamaño, condición que se atopou, con ou sen un microchip, a persoa que deu o aviso, a situación en que se recolleu, a data e hora aproximada). Estas obrigas de comunicación son concluídas nos libros oficiais regulados polo Departamento de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Xunta de Galicia.

A empresa La Rosaleda La Coruña S.L. vai estudar as suxestións recibidas tanto do Concello de Boqueixón como dos cidadáns, a fin de mellorar o servizo de recollida de animais abandonados.

O director do servizo público está obrigado a informar as autoridades municipais de Boqueixón sobre calquera anomalía observada no desenvolvemento do servizo.

DÉCIMO: Todos estas xestións e servizos que a empresa La Rosaleda La Coruña SL poida ofrecer e desenvolver con particulares(clientes) non se inclúen neste contrato. Sen impedirse que poidan facerse, pero non serán a cargo do Concello ou competencia deste contrato, senón do particular, o cal parase cargo da contía da tarifa.

UNDECIMO: O pagamento do servizo de recollida de animais abandonados no Concello de Boqueixón será mensual, mediante a expedición por parte do Centro Canino e Felino La Rosaleda de La Coruña ao Concello de Boqueixón da correspondente factura.

O prezo pactado e que percibirá o xestor do servizo público de lacería será de:

- ~ 125 € máis IVE por animal vivo, ferido ou morto.
- ~ 50 € máis IVE cando se trate de cans de idade inferior a un mes.
- ~ 50 € máis IVE por desprazamento naqueles supostos nos que se presente o propietario no momento da captura.
- ~ 50 € máis IVE por desprazamento se non se producirá a captura por outros motivos.

As facturas deberán ser abonadas no prazo de 60 días desde a data de emisión. En caso de impago no referido período, o importe non pagado acumularase automaticamente, sen necesidade de requirimento expreso o interese legal do diñeiro incrementándose en dous puntos porcentuais ata o pagamento íntegro, imputándose os pagos parciais, en primeiro lugar o pago dos intereses e unha vez aboados estes o pago do prezo do servizo pendente de pago.

DUODECIMO.- Este contrato ten unha duración dun ano a partir do día seguinte a data da sinatura do contrato administrativo. Sen posibilidade de prórroga.

DECIMO TERCEIRO: O presente contrato réxese pola Lei 30/2007 de contratos do sector público e polo Real Decreto 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei Contratos das Administracións Públicas.

E como proba de consentimento das partes asinar, no lugar e data arriba, en triplicado este contrato formado por catro follas de papel oficial impresas a dobre cara.

CLÁUSULAS ANEXAS

DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

As dúas partes obríganse mutuamente, en virtude de este contrato, a gardar segredo de toda a información que intercambien.

Se LA ROSALEDA DE LA CORUÑA, S.L., tivera acceso a Datos de Carácter Persoal cuxo Responsable fora o Concello de Boqueixón, con domicilio social en Lugar Forte s/n , 15881 Boqueixón, obrígase no acto a non tratar os citados datos para outro fin que non sexa a prestación dos servizos contratados.

En ningún caso, LA ROSALEDA DE LA CORUÑA, S.L., comunicará, nin tan siquiera para a súa conservación, os datos de Carácter Persoal tratados en virtude de este contrato, a ningún terceiro.

Así mesmo, LA ROSALEDA DE LA CORUÑA, S.L., obrígase neste acto a adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias para garantir a seguridade dos Datos de Carácter Persoal os que teña acceso en virtude de este contrato, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

5. - Aprobación e pagamento de factura de subministro do equipamento dos parques infantís

Na resolución da alcaldía ditada o día 23 de xullo, adxudicouse o contrato do subministro dos parques infantís en Codeso e Lestedo por un importe de 8.931,18 euros á empresa Galopin Playgrounds, SL, por presentar a oferta máis vantaxosa.

Con data 12 de agosto, recíbese no rexistro municipal (15/1600) a factura correspondente ó subministro polo importe de adxudicación que foi de 8.931,18 euros.

Coa finalidade de facer o pagamento correspondente e de xustificar o gasto ante da Deputación da Coruña, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. FAC-2015/506 emitida por Galopin Playgrounds, SL polo subministro dos parques infantís de Codeso e Lestedo por importe de 8.913,18 euros.

Facer o pagamento desta factura con cargo á subvención concedida pola Deputación da Coruña para o efecto.

Facer as anotacións correspondentes no Inventario Municipal

Dar por finalizado o expediente de contratación

6. - Licenzas urbanísticas

a) Licenza municipal de segregación dunha finca matriz en dúas parcelas.

Expte. 15/1542

ANTECEDENTES:

Con data do 03/08/2015 (rexistro de entrada 15/1542), por Eugenio xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación da finca nº 318 do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude, sita no lugar de xxxxx, parroquia de

Sergude, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común e en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

Con data do 05/08/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, para a realización nos traballos expostos na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 17/08/2015), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polo promotor, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

CONCEDER, a **Eugenio xxxxx**, a “**licenza municipal**”, para a **Segregación dunha finca matriz en dúas parcelas**, sita no lugar de xxxxx, na parroquia da Sergude, e emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural común e en solo rústico de especial protección agropecuaria, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 15/1542
02. Promotor da licenza: EUGENIO xxxxx, con NIF: xxxxx
03. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN E SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA
04. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN DUNHA FINCA MATRIZ EN DÚAS PARCELAS
05. Situación e emprazamento: xxxxx – SERGUDE
06. Técnico autor do proxecto: ANTONIO JORGE GONZÁLEZ. Arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación

Descrición da parcela inicial, e das parcelas resultantes

1.- PARCELA INICIAL:

Resto de finca nº 318 de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude, ao sitio de “Folgueiro”, no lugar de xxxxx, parroquia de Sergude, Boqueixón, A Coruña, cunha superficie de 4.189,00 m². Linda: Norte e Oeste, camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Eugenio xxxxx (parcela segregada anteriormente); Sur, Manuel xxxxx (parcela segregada anteriormente) e Leste, Eugenio xxxxx (finca 316 de concentración parcelaria).

Identifícase coa referencia catastral 15012C505003180000DG, e está cualificada dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón, como Solo de núcleo rural común e como Solo Rústico de protección agropecuaria.

Inscrita no Rexistro da propiedade nº 1 de Santiago de Compostela, Tomo 1249, libro 88, folio 89, finca número 7332, inscrición 2ª.

2.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:

Parcela A:

(Parcela 318-1 no proxecto)

Parcela cunha superficie neta de **1.890,00 m²**. Linda: Norte, Eugenio xxxxx e parcela B (parcela 318-2) resultante da segregación; Sur, Manuel xxxxx; Leste, Parcela 318-2 resultante da segregación; e Oeste, Camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Parcela B:

(Parcela 318-2 no proxecto)

Parcela cunha superficie neta de **2.223,00 m²**. Linda: Norte, Camiño construído polo servizo de concentración parcelaria; Sur, Manuel xxxxx; Leste, Eugenio xxxxx; e Oeste, Eugenio xxxxx e parcela A (parcela 318-1) resultante da segregación.

Parcelas de Cesión obrigatoria:

Segundo o artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cédese de forma gratuíta, ao Concello de Boqueixón, para as futuras ampliacións dos camiños públicos, as seguintes parcelas:

Procedente da Parcela A resultante (parcela 318-1): Porción de terreo de **35,00 m²**.

Procedente da Parcela B resultante (parcela 318-2): Porción de terreo de **41,00 m²**.

Segundo:

ACEPTAR, por parte do Concello de Boqueixón, as parcelas de CESIÓN obrigatoria, procedentes das Parcela A e B resultantes, descritas anteriormente, e destinar a superficies totais desta cesión, ás futuras ampliacións das vías públicas municipais existentes, e que lindan coas parcelas cedidas, fóra das aliñacións oficiais establecidas polo planeamento municipal.

b) Licenza municipal de segregación dunha parcela en Lamparte – Boqueixón

Expte.: 15/1184

ANTECEDENTES:

Con data do 17/06/2015 (registro de entrada 15/1184), por José Manuel xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación da finca nº 76 do polígono 508 do plano da Dirección Xeral de Catastro, con referencia catastral 15012B508000760000LJ, sita no lugar de Lamparte, parroquia de Boqueixón, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común e en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

Con data do 30/06/2015, a arquitecta municipal emite o informe técnico favorable condicional, no que se fai constar que o solicitante deberá achegar a documentación xustificativa correspondente á propiedade da finca. Dito informe remíteselle ao técnico redactor do proxecto para a presentación da documentación requirida no mesmo.

Con data do 07/08/2015 e registro de entrada 15/1574, achégase a documentación solicitada en informe anterior.

Con data do 10/08/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese o **informe técnico favorable**, para a realización nos traballos expostos na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 184,86 € (ingresada aos efectos con data do

18/06/2015), así como a cesión municipal obrigatoria, asinada polo promotor, en aplicación do artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

CONCEDER, a **José xxxxx**, a “**licenza municipal**”, para a **Segregación dunha parcela**, sita no lugar de xxxxx, na parroquia da Boqueixón, e emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural común e en solo rústico de especial protección agropecuaria, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 15/1184
02. Promotor da licenza: JOSÉ xxxxx, con NIF: xxxxx
03. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN E SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA
04. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN DUNHA PARCELA
05. Situación e emprazamento: xxxxx – BOQUEIXÓN
06. Técnico autor do proxecto: GONZALO NAVAZA MOSTEIRO. Arquitecto técnico

Descrición da parcela inicial, e das parcelas resultantes

1.- PARCELA INICIAL:

Finca nº 76 do polígono 508 do Plano da Dirección Xeral de Catastro, con referencia catastral 15012B508000760000LJ, sita no lugar de Lamparte, parroquia de Boqueixón (Boqueixón - A Coruña), cunha superficie de 13.513,00 m². Linda: Norte, Camiño; Sur, Manuel xxxxx, Zona excluída, Cauce de rego en medio e José xxxxx; Leste, José xxxxx e Jesús xxxxx; e Oeste, Camiño, Jesusa xxxxx, Rosalía xxxxx e Manuel xxxxx.

2.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:

Parcela A:

(Parcela 76-A no proxecto)

Parcela cunha superficie de **1.310,00 m²**. Linda: Norte, Camiño; Sur, Parcela 76-B (Parcela B resultante da segregación); Leste, Parcela 76 (Parcela C resultante da segregación); e Oeste, Camiño.

Parcela B:

(Parcela 76-B no proxecto)

Parcela cunha superficie de **1.296,50 m²**. Linda: Norte, Parcela 76-A (Parcela A resultante da segregación); Sur, Jesusa xxxxx; Leste, Parcela 76 (Parcela C resultante da segregación); e Oeste, Camiño.

Parcela C:

(Parcela 76 no proxecto)

Parcela cunha superficie de **10.726,00 m²**. Linda: Norte, Camiño; Sur, Manuel xxxxx, Zona excluída, Cauce de rego en medio e José xxxxx; Leste, José xxxxx e Jesús xxxxx; e Oeste, Parcela 76-A (Parcela A resultante da segregación), Parcela 76-B (Parcela B resultante da segregación), Jesusa xxxxx, Rosalía xxxxx e Manuel xxxxx.

Parcela de Cesión obrigatoria:

Segundo o artigo 171 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cédese de forma gratuíta, ao Concello de Boqueixón, para as futuras ampliacións dos camiños públicos, a porción de terreo de **180,50 m²**, procedente da Parcela A e da Parcela B resultantes (Parcela 76-A e Parcela 76-B no proxecto).

Segundo:

ACEPTAR, por parte do Concello de Boqueixón, a parcela de CESIÓN obrigatoria, procedente da Parcela A e da Parcela B resultantes, descrita anteriormente, e destinar a superficie total desta cesión, ás futuras ampliacións das vías públicas municipais existentes, e que lindan coas parcelas cedidas, fóra das aliñacións oficiais establecidas polo planeamento municipal.

7. - Aprobación de facturas

Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **52.440,72** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR	ECON	IMPORTE
1	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO MES DE XULLO	165	21000	3.771,17 €
2	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.U.	PREVENCIÓN 01/08/15 - 31/10/15	920	22799	506,67 €
3	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	ITV C6319CG	1532	21300	42,65 €
					4.320,49 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROG.	ECON.	IMPORTE
1	ANTONIO PENA, S.L.	REPARACIÓN FUGA AUGA CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO	920	21200	94,48 €
2	ANTONIO PENA, S.L.	CONECTAR AUGA AOS BAÑOS DAS GRADAS DO CAMPO DE FÚTBOL DA SILVEIRA	920	21200	40,52 €
3	ANTONIO PENA, S.L.	COLOCAR DISTRIBUCIÓN DE AUGA ARQUETA POZO E FUGA CIRCUITO CONTRA-INC. C. DA CULTURA	920	21200	292,36 €
4	ANTONIO PENA, S.L.	DESATASCAR INODORO VESTIARIOS PAVILLÓN LESTEDO	920	21200	48,40 €
5	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	TARXETAS DE IMPRESAS	920	22000	260,15 €
6	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	CARTEIS BOQUEISONS	334	22699	145,20 €
7	ATENDO CALIDADE, S.L.	Horas Festivas Dependencia / Horas Laborables Dependencia	231	22799	22.884,51 €
8	ATENDO CALIDADE, S.L.	Horas laborables Libre Concurrencia	231	22799	2.160,88 €
9	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	MEDALLAS CURSO DE NATACIÓN	341	22609	50,00 €
10	BOTANA GRANJA, MANUEL	ESPI DESA BRIC 12X70	920	21200	4,80 €
11	BREA ARCA, MARIA TERESA	PINTURA E RODILLOS	1532	21200	248,46 €
12	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REXISTRO 15/1616	165	22100	907,27 €
13	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REXISTRO 15/1617	165	22100	5.505,82 €
14	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	CUCHILLAS, CARRETE FIO,PANTALLA,...	414	21300	263,57 €
15	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA MAQUINARIA E PIENSO PARA CANS	135	22103	209,60 €
16	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PUBLICIDADE MES DE XULLO9	432	22602	121,00 €

17	MADESA ALMACEN DE CARPINTERIA, S.L.	TABLEIRO ABEDUL REPARACIÓN PARQUES INFANTILES	171	21000	157,30 €
18	PAZO LA BUZACA	ESTACIA 2 PERSOAS COMO PREMIO CONCURSO DE TAPAS 2014	432	22602	111,00 €
19	PEREIRA LAREO, M ^a JOSÉ	LIQUIDACIÓN GASTOS	231	23120	312,01 €
20	PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.	AGLOMERADO PISTAS MUNICIPAIS	1532	21200	1.559,65 €
21	RAMOS FERNANDEZ, JESU	REPARTO ALIMENTOS CRUZ VERMELLA	231	48000	30,00 €
22	ROCIO COUTO RENDO	CURSO "RECURSOS DO ENTORNO NO TEMPO LIBRE"	334	22699	92,56 €
23	SERIGRAFIA ESCUDEIRO S.C.	AZULEXOS NUMERACION E METRACRILATOS	151	21200	1.248,51 €
24	SILVA FERNANDEZ, JOSE MANUEL	REPARTO ALIMENTOS CRUZ VERMELLA	231	48000	143,00 €
25	SOGAMA	TRATAMENTO RSU MES DE XULLO	1623	21200	8.316,48 €
26	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS P. CIVIL	1621	22103	2.912,70 €
					48.120,23 €

8. - Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretario accidental.

A secretaria – interventora

Visto e prace
O alcalde